maqueta_FINAL_2revision:PRIMEIRAS PAXINAS d&i 5/8/10 10:08 Página 101

POST SCRIPTUM: AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 1 DE MARZO DE 2009

Anxo Lugilde

maqueta_FINAL_2revision:PRIMEIRAS PAXINAS d&i 5/8/10 10:08 Página 102

As eleccións autonómicas de 2009 supuxeron un punto de inflexión na evolución do voto exterior en Galicia. Púxose fin á escalada iniciada dende 1989 ao reducirse o seu peso no conxunto de sufraxios emitidos, que así e todo ficou no 4,5%, unha proporción que segue a ser moi alta dun punto de vista comparado, tanto no Estado español como a escala internacional. Esta baixada, froito da nova normativa fixada pola Xunta Electoral Central, non impediu que no reconto do voto exterior se modificase o resultado provisorio do interior, ao lle arrebatar o PSOE ao PP un escano da provincia de Ourense. Confirmouse o claro dominio socialista no exterior nunha convocatoria en que, por primeira vez, a maioría dos votos emitidos dende o estranxeiro chegaron de Arxentina.

A participación no exterior nas eleccións autonómicas de 2009

	Participación (%) 09	Variación 09-05	Peso do voto exterior no total (%) 09
A Coruña	23,1	-12,8	4
Lugo	23,8	-13,5	4,5
Ourense	21,2	-9,9	6,9
Pontevedra	22,7	-12,0	3,9
Galicia	22,7	-12,0	4,5

Despois de que a participación tocase teito en 2005, logo da ampliación do prazo de recepción dos sobres e da intensificación da campaña no estranxeiro, en 2009 chegou o devalo que deixou a taxa un chisco por baixo dos niveis do período de 1993-2001, no que se situaba arredor do 25%. A razón fundamental desta redución reside na instrución emitida pola Xunta Electoral Central o 20 de xaneiro de 2009, a pedimento do PP e a pesar da oposición socialista, para esixir que os residentes no exterior axuntasen ao sobre de votación a fotocopia dun documento de identificación, como o DNI, o pasaporte ou unha certificación consular de nacionalidade[136]. Despois da esmagadora vitoria no exterior dos socialistas nas eleccións ao Congreso dos Deputados de 2008, o PP propuxo esta medida para diminuír a participación, co fin de que os sufraxios do estranxeiro tivesen o menor impacto posible no resultado final. E a Xunta Electoral Central deulles a razón aos populares, ao considerar que era preciso introducir algunha garantía de que quen vota sexa efectivamente o elector. Deste xeito, incorporouse por primeira vez un elemento de control que tronzou a dinámica de expansión impulsada especialmente pola introdución en 1995 da inscrición de oficio no censo. A esixencia da fotocopia do documento fixo baixar a participación non só nas eleccións autonómicas galegas, senón tamén nas vascas, realizadas o mesmo día, e nas europeas do 7 de xuño de 2009.

A nova norma tivo dous efectos. Dunha banda, causou un descenso do número de sobres que chegaron ás xuntas electorais, queda que nas autonómicas galegas foi do 18,1% respecto ao 2005. E doutra, provocou unha medra da proporción de sobres desbotados, dos «non votos», que no caso galego subiu dende o 18,1% de catro anos atrás ao 26,8%. Así que ao final recontáronse case 30 000 sufraxios menos que no 2005, un 28,2% menos.

[136] «La Junta Electoral desoye al PSOE y exige que la diáspora vote con DNI», *El Progreso*, 30-I-2009, p. 24; BOE, 22-I-2009, pp. 7.368-7.369.

maqueta_FINAL_2revision:PRIMEIRAS PAXINAS d&i 5/8/10 10:08 Página 104

Participación por países nas autonómicas de 2009

País	Votos 09	Participación (%) 09	Peso no total (%) 09
Arxentina	41 168	34,0	54,2
Uruguai	7857	27,5	10,3
Suíza	6961	23,9	9,2
Venezuela	3679	10,8	4,8
Brasil	3527	11,5	4,6
Francia	2917	18,3	3,8
Cuba	2383	19,6	3,1
Alemaña	1692	13,0	2,2
México	1330	16,8	1,7
Reino Unido	852	8,5	1,1
Estados Unidos	725	7,4	1,0
Portugal	505	18,0	0,7
Bélxica	409	19,5	0,5
Chile	289	16,6	0,4
Andorra	248	10,4	0,3
Outros países	1482	10,5	1,9
Total	**76 024**	**22,7**	**100,0**

Na xeografía do voto exterior rexistrouse en 2009 a rechamante novidade de que Arxentina, o país onde residía o 36,1% do censo galego do estranxeiro, achegou por primeira vez máis da metade do total de sufraxios escrutados nas xuntas electorais provinciais, segundo os datos facilitados pola Consellaría de Presidencia. Aínda que coa nova norma a taxa de participación se reduciu en Arxentina máis que nos principais países de destino da emigración europea, como Suíza, Francia ou Alemaña, fíxoo menos que noutros Estados americanos, como Venezuela, Brasil e Uruguai, e malia o incremento rexistrado no censo. A taxa de participación en Arxentina, o principal escenario de intervención das maquinarias dos grandes partidos españois no estranxeiro, dobrou a que se deu no resto do mundo sen contar ese país. Por outra parte, salientou tamén a progresión do voto cubano, froito da medra do censo polo acceso á nacionalidade de descendentes de emigrantes, fenómeno que se está a disparar ao abeiro da chamada *Lei de netos*, unha disposición da Lei da memoria histórica que está a motivar un novo aumento do electorado en América. Malia que este incremento está por baixo das previsións oficiais, non deixa de ser significativo, xa que en 2009 beneficiáronse desta norma máis de 80 000 novos españois, dos que un terzo serían galegos[137].

[137] Fernando García: «La revolución de los nietos», *La Vanguardia*, 28-XII-2008, p. 11; Rosa Prieto: «Más de 25.000 hijos y nietos de emigrantes gallegos lograron la nacionalidad en 2009», *Faro de Vigo*, 15-I-2010, p. 29.

maqueta_FINAL_2revision:PRIMEIRAS PAXINAS d&i 5/8/10 10:08 Página 105

Resultados das eleccións autonómicas galegas de 2009

	PSOE		PP		BNG	
	Votos (%) 09	Variación 09/05	Votos (%) 09	Variación 09/05	Votos (%) 09	Variación 09/05
A Coruña	54,4	+11,9	37,2	-12,3	4,3	-1,1
Lugo	59,8	+12,2	31,4	-14,5	3,2	-0,4
Ourense	50,6	+10,8	41,0	-11,0	4,2	-0,6
Pontevedra	53,3	+9,6	39,3	-10,4	3,3	-0,8
Galicia	54,0	+10,8	37,8	-11,9	3,8	-0,9

Os socialistas volveron gañar unhas eleccións autonómicas galegas no exterior, logo dun longo período de hexemonía do PP que durara de 1993 a 2005. Grazas ao feito de estar no poder no Goberno central, a instancia fundamental, e na Xunta o PSOE confirmou a evolución ascendente que xa amosara catro anos atrás cando, logo da chegada de Zapatero á Moncloa, multiplicara por tres o seu número de sufraxios na Galicia exterior. No 2009, por mor do devalo da participación, todos os partidos perderon votos, aínda que o PSOE sufriu a menor redución e progresou case once puntos en porcentaxe, un incremento un pouco inferior á baixada experimentada polos populares que, orfos de poder en Santiago e en Madrid, tiveron unha clara derrota no estranxeiro, aínda que conseguiron o seu obxectivo de que o resultado do exterior non fose decisivo no desenlace das eleccións, que supuxeron o regreso do PP á Xunta, da man de Núñez Feijóo. Pola súa banda, o Bloque mantívose en posicións marxinais. A súa defensa da supresión da participación dos residentes no exterior nas eleccións autonómicas só lle custou ao BNG algo menos dun punto en porcentaxe de voto, co que os nacionalistas se sentiron afianzados nesa postura de non só cuestionar o modo de emitir o sufraxio senón a súa mesma existencia.

O voto do exterior non tivo influencia sobre o desenlace final das eleccións, pero si provocou a alteración na asignación de escanos na provincia de Ourense, ao perder o PP un escano, o seu oitavo, en beneficio do PSOE, que, deste xeito, conseguiu a quinta acta por esta provincia[138]. A mudanza non tivo efectos no xogo de maiorías no Parlamento galego porque os populares obtiveran 39 escanos no reconto provisorio da noite electoral, un por riba da maioría absoluta. Foi a terceira vez que o voto exterior modificou nas autonómicas galegas o repartimento de deputados feito co resultado interior e a segunda na provincia de Ourense.

Amosouse así novamente o potencial decisivo da diáspora nunhas eleccións en que de novo se reflectiron as irregularidades que permite o procedemento de voto no exterior[139]. Estas eivas contribuíron a xerar un clima de opinión contrario á participación dos expatriados, que se reflectiu no nacemento, na precampaña destas eleccións autonómicas, da plataforma *Se resides, decides*, en oposición ao dereito ao sufraxio dos residentes no estranxeiro[140].

E, semanas despois dos comicios, o Consello de Estado fixo público o seu informe sobre a reforma electoral, no que recomenda a supresión da participación dos residentes no exterior nas municipais e, aínda que insiste nas dificultades técnicas do voto en urna, por primeira vez sinala un camiño para a súa aplicación, a través dun modelo de sufraxio anticipado[141]. Tras o estudo desta proposta, PSOE e PP chegaron a un principio de acordo na subcomisión da reforma electoral do Congreso dos Deputados para eliminar a participación dos residentes permanentes no estranxeiro das eleccións a esa cámara, as municipais e as autonómicas, mentres si poderían elixir os seus representantes no Senado[142]. Non obstante, as protestas da diáspora levaron a estes partidos a dar

[138] C. Punzón e X. M. Rodríguez: «El PSOE arrebató al PP el escaño con el 50% de los votos de la emigración», *La Voz de Galicia*, 10-III-2009, p. 2.
[139] Marcos J. Román: «El país donde los muertos también votan», *Xornal de Galicia*, 15-I-2009, p. 12.
[140] «Se resides, decides pide la reforma de la Loreg», *El Correo Gallego,* 18-II-2009, p. 10.
[141] http://www.consejo-estado.es/pdf/REGIMEN-ELECTORAL.pdf
[142] Carlos Punzón: «Los emigrantes no podrán votar en las elecciones locales y autonómicas», *La Voz de Galicia,* 26-III-210, p. 6.

maqueta_FINAL_2revision:PRIMEIRAS PAXINAS d&i 5/8/10 10:08 Página 106

marcha atrás, co que a subcomisión acordou abolir o voto exterior só no eido local e manter o resto, cun modelo de sufraxio en urna anticipado compatible co emitido por correo[143].

As eleccións autonómicas galegas do 1 de marzo de 2009 supuxeron o pórtico dunha nova xeira no voto exterior, coa primeira redución do seu volume tras dúas décadas de expansión. Está por ver o impacto final do novo modelo e se con el se acada o obxectivo de establecer un mecanismo de participación política dos residentes no estranxeiro transparente e aceptado socialmente.

[143] Agustín Bottinelli: «La diáspora no quiere recortes en el voto», *La Voz de Galicia,* 28-III-2010, p. 7; «Acuerdo en el Congreso para suprimir el voto emigrante en las elecciones locales», *El País,* 29-IV-2010, p. 1. Edición Galicia.